



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS NOS COLEXIOS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. 2020-2023

I. ANTECEDENTES:

1.- Por providencia do Concelleiro Delegado de Educación, Deportes e actividade física e saúde de data 24 de outubro de 2019 se ordena iniciar o expediente para outorgamento dunha subvención directa a Federación de Asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos de Pontevedra tendo por obxecto a xestión e mantemento de actividades educativas complementarias dirixidas tanto ao alumnado de educación infantil e primaria como ás súas familias.

2.- Xúntase informe da empregada pública responsable do servizo de Educación e Promoción Económica de 25/10/2019 e informe favorable da Asesoría Xurídica e do servizo de Intervención.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo sentido que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

2.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (OXs) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 e publicada no BOP. nº 190 do 30 de setembro, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

3.- Neste senso, os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

4.- O artigo 189.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) que os perceptores de subvencións concedidas con cargo aos orzamentos das entidades locais e dos organismos autónomos virán obrigados a acreditar, antes da súa percepción, que se encontran ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade, así como, posteriormente, a xustificala aplicación dos fondos recibidos e no mesmo sentido o artigo 40.2 da mesma norma determina que as entidades públicas outorgantes das subvencións poderán verificar o destino dado a estas. Se tras as actuacións de verificación resultase que as subvencións non foron destinadas aos fins para os que se concedesen, a entidade pública outorgante esixirá o reintegro do seu importe ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias a que tivese dereito a entidade afectada, con independencia das responsabilidades que fose lugar.

5.- Nestes termos esta documentación completárase con aquela que, de maneira exemplificativa, recolle o artigo 12 da OXS.

O contido da proposta así como o modelo de convenio axústanse ás previsións legais citadas.



6.- Segundo o artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a concesión de subvencións de forma directa será do Alcalde sempre que estén previstas nominativamente no orzamento, competencia que foi delegada no concelleiro de Economía e Facenda por decreto da alcaldía de 15/06/2019.

De conformidade coa fundamentación exposta e no exercicio das súas competencias, esta Concellaría

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención directa ao **FANPA**, Federación de Asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos de Pontevedra, **CIF G36449148** tendo por obxecto a xestión e mantemento de actividades educativas complementarias dirixidas tanto ao alumnado de educación infantil e primaria como ás súas familias, por importe de 258.000,00 euros e aprobar o modelo de convenio que se adxunta no expediente co CSV:DYZGM7JYUZ53MT2A

SEGUNDO: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio 2020 que se detalla:

Aplicación	Operación	Importe
2020-05-3260-48904	202000026099	258.000,00
IMPORTE TOTAL		258.000,00 €

TERCEIRO.- Dar conta do acordo adoptado na próxima Xunta de Goberno Local.

